



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
PARA A REALIZACIÓN DO PREMIO OTERO PEDRAYO 2016**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Deputación Provincial de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización do Premio Otero Pedrayo 2016

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O obxecto deste premio é perpetuar e honrar a memoria do egregio home de letras; premiar un labor que constituía unha contribución eminente á cultura galega e promover os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e a mellora dos seus homes e institucións.





Como obxectivo principal deste premio destaca ensalzar un labor que constitúe unha contribución eminente á cultura galega.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, porque se trata dun premio de carácter único cuxo outorgamento se efectúa rotatoriamente polas catro Deputacións Provinciais, correspondéndolle nesta ocasión á Deputación Provincial de Ourense.

Por todo o anterior, a Deputación de Ourense é a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo estas actividades con estas especiais características, as únicas que se van a desenvolver na nosa Comunidade Autónoma

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 30 de agosto de 2017.

